

Este é o manifesto da AELG polo 8-M no que reclama máis visibilidade e recoñecemento para as escritoras galegas

A poeta e escritora Marta Dacosta asina o manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega polo Día Internacional das Mulleres Traballadoras, un texto que denuncia as desigualdades que seguen a afectar ás autoras no sistema literario galego e chama a participar nas mobilizacións feministas deste 8 de marzo.

Redacción 06 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/aelg-reivindica-8m-mais-visibilidade-reconecemento-escritoras-galegas/20260306133822249502.html>

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) súmase ás reivindicacións polo **8 de marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras**, cun manifesto no que denuncia as desigualdades que continúan marcando a realidade das escritoras no sistema literario galego.

O texto chama a atención sobre cuestións como **a menor presenza das mulleres no sector**, a súa menor **difusión e recoñecemento** ou as dificultades para desenvolver unha carreira literaria nun contexto no que os **coidados e o traballo doméstico** seguen recaendo maioritariamente nelas.

O manifesto deste ano está asinado pola poeta e escritora **Marta Dacosta**, poeta, autora dunha ampla traxectoria na literatura galega e colaboradora en *Nós Diario*. No texto, Dacosta reivindica a necesidade dun **enfoque feminista na creación e na análise do campo literario**, ao tempo que chama a participar nas mobilizacións do 8M e a continuar abrindo camiños para as voces das escritoras en galego. A continuación, reproducimos integramente o manifesto.

Navegamos. Manifesto da AELG polo 8-M de 2026

“Escribo dende un xénero excluído e dende unha lingua minorizada e asumo a responsabilidade que esa escolla conleva”, Begoña Caamaño

O Libro Branco da AELG, elaborado nesta década, conclúe que o perfil medio da persoa asociada é un home de máis de cincuenta anos con estudos universitarios. O que é o mesmo que dicir que ese é o perfil medio da persoa escritora. As autoras tan só representamos o 35% e temos un perfil claramente diferenciado: a nosa porcentaxe é maior nas xeracións máis novas, somos as que temos unha dedicación máis esporádica e estamos menos traducidas.

A dedicación esporádica e a incorporación serodia ás letras, analizada en décadas pasadas, están a sinalar unha realidade que atinxe especialmente ás escritoras, a falta dun tempo propio,

motivada polo peso do doméstico e dos coidados que seguen a recaer fundamentalmente nas mulleres. En 1990, María Xosé Queizán escribía como a presión social á que nos vemos sometidas nos leva a elixir xéneros que non esixan unha dedicación temporal continuada. Tres décadas despois, esa realidade persiste.

Sermos menos traducidas evidencia outra realidade, a nosa menor presenza a todos os niveis, publicamos menos, a nosa obra está menos difundida e é menos recoñecida, de feito somos menos premiadas. Isto é o que din os datos numéricos que poden ser comprobados nos Informes de Literatura do CIRP ou na publicación *A Muller na Cultura Galega* (II) do Consello da Cultura.

E aínda poderíamos dicir que, por suposto, somos menos lidas. Cal foi o último libro que lestes dunha escritora? Cantos no último ano?

“Eu tamén navegar”, Xohana Torres

Porén, malia bater contra este teito de cristal que é o mundo da produción literaria: publicación, difusión e recoñecemento, cómpre recoñecer que a incorporación das mulleres á literatura, especialmente cando achegan o punto de vista do seu xénero, enriqueceu o panorama literario das diferentes linguas da Terra.

“D'aquelas que cantan as pombas y as frores

Todos din que teñen alma de muller,

Pois eu que n'as canto, Vire d'a Paloma,

¡Ay! ¿de que' a terei?”, Rosalía de Castro

Porque agora escribimos nosoutras, as fillas por fin alfabetizadas de innúmeras xeracións de mulleres traballadoras. Mulleres que loitaron cada día para que as súas descendentes puidésemos chegar á Universidade e acadar a independencia económica que as nosas avoas e nais soñaron para nós. Somos as netas e bisnetas das coetáneas de Clara Zetkin, Rosa Luxemburgo ou Simone de Beauvoir.

Nosoutras, as mortas de bala nas rúas polo racismo que persegue migrantes, as vítimas das guerras e dos femixenocidios para extinguir en nós un pobo enteiro.

“A noite na cidade é escura, excepto polo brillo dos mísiles,

silenciosa, excepto polo son do bombardeo,

aterradora, excepto pola promesa tranquilizadora da oración,

negra, excepto pola luz dos mártires.” Heba Abu Nada (1)

Nosoutras, as vítimas desoutra guerra que devasta o noso fogar, asasinadas.

“Soa.

Soas.

Soíñas.” Sesé Mateo

Nosoutras, as nenas maltratadas polo pai que vivimos neses fogares en que a violencia o impregna todo. Nosoutras aldraxadas. Nosoutras, as mulleres tratadas como "bonecas, (porque) calquera parte da (nosa) anatomía é máis digna de loubanzas que o (noso) cerebro”, esa visión

patriarcal que condiciona a recepción da nosa obra e a súa difusión, e que nos trata como “símbolo da posición social e reforzamento do prestixio”(2) do patriarcado institucional. Obxectos, sempre obxectos para adornar o espazo que non queren compartir.

Nosoutras, as que sufrimos todo tipo de violencias, desde a sexual á simbólica e padecemos cada día a violencia institucional que ás escritoras nos nega a realidade en que desenvolvemos a nosa creatividade, impoñéndonos a desigualdade dun mundo literario concibido desde o patriarcado, afastado da conciliación e dos coidados.

“Os que negan â muller

intelixencia e talento,

a millor contestaceon

cicais que fose o dispregio.” Filomena Dato

O noso punto de vista ten que ser feminista, porque o feminismo nos visibiliza e reivindica. Porque o feminismo é unha ferramenta transversal que constrúe unha sociedade máis xusta, para todas as persoas, independentemente do xénero. Sabemos que estas afirmacións non adoitan ser ben recibidas, sabemos que se menospreza a nosa obra cando non oculta a cor lilá dos vimbios cos que está trenzada, cando non fala de pombas e flores.

E sabemos que as nosas palabras-pedra poderán acadar a bóveda de cristal que nos frea, se rubimos polos libros de todas as penélopes que desoíron o oráculo e ousaron, ousan, navegar.

“Pero se non me ves, es ti quen erra.”, Luísa Villalta

As escritoras, mulleres ao fin, coma as mulleres sufrimos o patriarcado e o sexismo e con preocupación observamos as reticencias e os pasos atrás de quen non entende que avanzarmos nosoutras é avanzarmos nós.

Neste 8 de marzo, tamén nós facemos un chamamento a participar de cantas mobilizacións ou actividades conmemoren a data levando por bandeira os versos de Rosalía, Filomena, M^a Victoria, Xela, Luísa, Begoña ou Xohana, e tantas, tantas outras.

(1) Poeta palestina asasinada durante un bombardeo israelí en Gaza.

(2) Frases de Begoña Caamaño.

Galiza, marzo de 2026.

Marta Dacosta